

Cultura tradicional e desenvolvemento **rural**

Xavier Simón Fernández e Xabier Prado Orbán (eds.)

¡Non sen elas! O papel das mulleres na cultura tradicional

Rosa Pascual Abal; Puri Pérez Leirós



En todas as culturas a importancia das mulleres na construción e transmisión dos elementos constituíntes do patrimonio tradicional é indiscutible. Ademais de compartir a maioría dos traballos produtivos e de contribuír na elaboración do patrimonio inmaterial (crenzas, costumes, ritos, etc.) algúns aspectos tan significativos como o referido á saúde da familia, aos remedios caseiros, ao coñecemento das plantas e aos seus diversos usos, ao coidado dos animais, á educación dos nenos e nenas en crezas e valores, á organización do espazo doméstico, etc., teñen un marcado carácter feminino, cando non son ámbitos exclusivos das mulleres.

En Galiza esta importante presenza feminina viuse reforzada polo feito da emigración, que no tránsito do século XIX ao XX e nas décadas centrais do XX, foi protagonizada maioritariamente por varóns e deixou nas mans das mulleres toda a carga de sostemento, coidado e responsabilidade da familia e do seu contorno.

A pesares da súa relevancia como creadoras de cultura atopamos nos estudos, exposicións, etc., que se veñen realizando sobre aspectos da cultura tradicional, escasas referencias ás contribucións das mulleres e detectamos un proceso de invisibilización das mesmas. Se ben é certo que a cultura tradicional é claramente patriarcal e discrimina e aínda explota as mulleres, non obstante reconece a importancia do seu traballo e o papel da muller é, nel, moi visible.

Por que entón esta presenza non se reflicte en moitos estudos e por que campos importantes da cultura, tradicionalmente femininos, están perdéndose da memoria colectiva? A nosa interpretación é que a difusión das ideas propias da sociedade liberal, industrial e urbana que dividiron a sociedade en dúas esferas, a pública, a dos varóns, e a privada, a das mulleres, confinadas no espazo doméstico, e o ideal burgués feminino de “anxo do fogar” limitado a súa función como nai e “descanso do guerreiro” favoreceron a desvalorización do seu traballo e da súa achega á cultura. Esta visión permanece hoxe en día e conforma a nosa mirada, influíndo sobre o enfoque co que nos achegamos a realidades diferentes, favorecendo neste caso a ocultación do papel das mulleres, que non obstante, era recoñecido na súa comunidade.

Esta ocultación ten consecuencias de gran calado, xa que non é só unha carencia que pode resolverse engadindo un pequeno apartado aquí ou alá, é pola contra unha distorsión da memoria histórica que pretendemos recuperar e transmitir. Non se trata só dunha cuestión de facer xustiza ao labor das mulleres, a cuestión é que non nos podemos permitir perder por ignorancia ou prexuízos esa acumulación de coñecementos, esa sabedoría que nos

resulta imprescindible para poder afrontar, con posibilidades de éxito, os problemas do presente, na construción dunha sociedade máis xusta, máis rica e tolerante.

O campo de traballo é polo tanto moi amplo, levará tempo e sumar esforzos e non queremos rematar sen apuntar algunhas propostas, para ir comezando...

É urxente recoller as testemuñas das mulleres sabedoras, portadoras de coñecementos, para que estes non se perdan coa súa desaparición. Con esta información poderíamos:

- elaborar pequenas biografías daquelas mulleres máis representativas
- elaborar catálogos de usos tradicionais de herbas, costumes, etc.
- elaborar pequenas monografías sobre aspectos concretos.

Tamén é importante involucrar aos rapaces e rapazas dos centros de ensino medio das comarcas na recollida e tratamento desta información, co asesoramento e supervisión do profesorado experto en técnicas de tradición oral, para facer as novas xeracións conscientes do valor deste patrimonio e tamén do seu propio valor como transmisores.

Debemos facer chegar ás entidades, concellos, departamentos universitarios, asociacións culturais, etc., é dicir a todos aqueles que traballan, investigan e ou difunden este tipo de coñecementos, a importancia de seren rigorosos e darlles aos axentes a presenza que lles corresponde, é dicir, non se pode facer estes traballos sen contar coas mulleres, non sen elas!

Non sen elas porque son creadoras e portadoras dun patrimonio, que por levar a marca de “elas”, a marca de mulleres, foi, é, infravalorado e polo tanto retirado dos circuitos relacionados co ben considerado, co valor económico, social, etc. Renunciar a todo este patrimonio é renunciar polo tanto á unha parte da nosa identidade, a unha parte da nosa Historia.

Que propostas de acción se poden desenvolver ou se están a desenvolver nestes momentos?

As mulleres como portadoras, conservadoras e transmisoras de patrimonio nos anos da emigración cara América.

- Recollida de receitas.
- Recollida de remedios, enxertos, etc. utilizados na agricultura.
- Recollida de oficios realizados polas mulleres.
- Biografías de mulleres das distintas zonas de Galicia.
- Recollida de rituais, cerimoniais, etc.

